- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
- As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
- As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
- A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
- Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
- O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose necesario realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- A fianza de 1.000 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp, 60/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. José Luis Magariños Pardal, para legalización de rótulo instalado no local sito na Avda. Dr. Touron nº 15 Bx. (Expte. 128/17)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Rodríguez Buján para legalización de obras de acondicionamento de local para estudo de arquitectura no inmobile sito na Rúa Vicente Risco nº 1 – Entlo Esda., de conformidade co proxecto asinado polo Arquitecto d. Juan Carlos Morgade Portas e documentación complementaria achegada.

Comunicaselle, que rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade eco indicado nos artigos 23 e s.s. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 844/16)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jesús Diz Rodeiro, para construción de edificación de planta baixa para centro de distribución de mercadorías na Rúa 1 – A Rosaleda, de conformidade co proxecto básico redactado pola Arquitecta Dna. M^a Lydia Fernández Do Campo, visado coa data 07/11/2016, documentación complementaria achegada e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de núcleo rural, caterogria 3^a
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará: almacén de mercadorías
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.
- d) Orzamento de execución material: 48.717,00 €
- e) Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 79540B0NH1175S0001LG
- f) Técnicos directores das obras: Arquitecto Dna. M^a Lydia Fernández Do Campo
Director das obras Dna. M^a Lydia Fernández Do Campo

A Urbanización da zona de cesión para viales executarase baixo as seguintes condicións:

- a) O ensanche do vial realizarase con sub-base de zorra artificial e capa de rodadura de mezcla bituminosa en quente D-12 (SUF 50/70 D) con un espesor de 5 cm.
- b) Manterase a rasante do vial establecida no P.X.O.M.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dado que o proxecto presentado é básico, con carácter previo ao inicio das obras deberá presentar proxecto de execución xunto coa seguinte documentación:

- Estudo de Seguridade e Saúde.
- Oficios de Dirección de Execución material das obras, e de ser necesario, nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

- Unha vez que se rematen as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para a apertura do establecemento, que se acompañará da documentación esixida para o funcionamento da actividade.

- A fianza de 1.000 € depositada para garantir as obras de urbanización e reposición de servizos queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. -(Exp. 772/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. Juan Ignacio Pita Riva, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Rio Ulla nº 9 – Urb. San Roque de Carril, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Javier Fresneda Puerto, de outubro de 2016, e documentación complementaria achegada de xaneiro de 2017 En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano. Plan Parcial da Urbanización de San Roque – Carril.
- Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
- Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 11,60 m.
- Orzamento de execución material: 222.500,00 €
- Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito:
- Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Javier Fresneda Puerto
Director das obras D. Amancio Losada Vicente

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá achegar:

- Proxecto de execución
- Estudo de Seguridade e Saúde
- Oficio de Dirección de Execución Material
- Oficio de Coordinador de Seguridade e Saúde.

Todo debidamente visado polo Colexio Oficial correspondente e obter a conformidade dos Servizos Técnicos Municipais.

Dése conta ao Departamento de Rendado ós efectos de facturación do ICIO que non figura no expediente. (Exp.291/16)

Visto escrito presentado por Dna. Mª Divina Rodríguez Martínez solicitando unha prórroga para a o inicio e execución da licenza de obra para consolidación de cuberta en vivenda unifamiliar na Rúa Curros Enríquez nº 3, concedida por Resolución de Alcaldía de data 17/08/2016, e visto o informe xurídico emitido ao respecto, o Consello da Xerencia informa favorablemente a concesión dunha prórroga de 6 meses para o inicio e 3 anos para o remate das devanditas obras. (Expte. 364/16)

Dáse conta do escrito presentado por Dna. Elvira Barros Frieiro e D. Pablo Enrique Beneite Salgueiro, aportando proxecto de execución de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Marxión s/n (Ref. Cat. 9863573NH1196S0001IJ), redactado polo Arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán, visado coa data de 01/07/2016, xunto coa documentación aportada e que foi solicitada por Resolución de Alcaldía de data 5 de xullo de 2016. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, visto o informe técnico, acorda dar a súa conformidade ó mesmo. (Exp. 72/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. Carlos Abuín Varela e Dna. Rita Isabel Villadeamigo Bouza, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Manuel Fernández Teixeira nº 11 (parcela 18 – Urb. Granja de Tomé – Pelada), de conformidade co proxecto básico e de execución do Arquitecto D. Mariano Vázquez Iglesias (visado coa data 19/02/2014), En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Plan parcial de Ordenación del Lugar de Tomé-Renza, Ordenanza nº 1
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: dos e baixo cuberta, 45%
4. Orzamento de execución material: 58.214,28 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8240318NH1184S0001IW
6. Técnicos directores das obras:
Arquitecto D. Mariano Vázquez Iglesias.
Arquitecto Técnico D. Felipe Vázquez Abal
Director das obras D. Mariano Vázquez Iglesias
Coordinador de Seguridade e Saúde D. Felipe Vázquez Iglesias
7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
8. Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non figura no expediente.

Antes do inicio das obras, deberá aportar ao Concello Ficha de Estatística por canto non consta no expediente administrativo. (Exp. 64/14)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. M^a del Mar Abuín Seoane, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Manuel Fernández Teixeira nº 19 (Urb. Granja de Tomé – Pelada), de conformidade co

proxecto básico e de execución do Arquitecto D. Mariano Vázquez Iglesias (visado coa data 21/08/2015), En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Plan parcial de Ordenación del Lugar de Tomé-Renza, Ordenanza nº 1
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: dos e baixo cuberta, 45%
4. Orzamento de execución material: 58.214,28 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8240318NH1184S0001IW
6. Técnicos directores das obras:
 - Arquitecto D. Mariano Vázquez Iglesias.
 - Arquitecto Técnico D. Felipe Vázquez Abal
 - Director das obras D. Mariano Vázquez Iglesias
 - Coordinador de Seguridade e Saúde D. Felipe Vázquez Iglesias
7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
8. Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non figura no expediente.

Antes do inicio das obras, deberá aportar ao Concello Ficha de Estatística por canto non consta no expediente administrativo.

O Oficio de Dirección de obra atópase sen asinar, polo que requirirase ao técnico para que con carácter previo ao inicio das obras proceda a presentar o oficio debidamente asinado.(Exp. 664/15)

Informar favorablemente a solicitude de D. Eduardo Reiriz Treviño e Dna. Maria Yolanda Mallón Bouzada, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, na parcela 8 – Urb. Granja de Tomé – Pelada, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Jesús Mª Diéguez Pazos (visado coa data 10/05/2012), e documentación complementaria. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Plan parcial de Ordenación del Lugar de Tomé-Renza, Ordenanza nº 2
- Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
- Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: dos e baixo cuberta, 40%
- Orzamento de execución material: 125.264,67 €
- Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito:
- Técnicos directores das obras:
 - Arquitecto D. Jesús Mª Diéguez Pazos.
 - Director das obras D. D. Jesús Mª Diéguez Pazos.

- Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dése conta ao Departamento de Rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non figura no expediente.

Dado que o proxecto presentado é básico, antes do inicio das obras deberá achegar:

- Proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente.
- Estudo de Seguridade e Saúde no que apareza reflectida a situación do guindastre, as súas características técnicas e o barrido da súa pluma.
- Oficio da Dirección da execución material das obras e de coordinador de seguridade e saúde. (Exp. 346/12)

LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Belén Barral Pérez, para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de prendas de vestir na Rúa Arz. Andrade 3 Bx. (Exp. 2016/18 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Angel Díaz Fernández, para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de aparatos de uso domésticos na Rúa San Roque nº 9 Bx. A (Expte. 2016/69 Inocuas)

Informar favorablemente o desestamento presentado por Dna. Silvia Lago Sande, á comunicación de apertura de establecemento 2.7.2. CAFÉ-BAR na Rúa Sobran nº 6 Bx. e que se proceda ao arquivo do expediente 2016/36 TR. ESPECT.

Informar favorablemente a renuncia presentada por D. José M^a de Esparza Lindner, e/n ESTOCOLMO 2.0 á comunicación de apertura de establecemento 2.7.2 CAFÉ-BAR (La Compañía & Cia) na Rúa Valentín Viqueira nº 3 Bx.. e que se proceda ao arquivo do expediente 2015/54 RXP

ASUNTOS VARIOS

Vista solicitude de D. Carlos Manzano Sabas en representación de HELA GALICIA S.L., para a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras cunha terraza vinculada

ao establecemento denominado “SMÖOY” situado na Rúa alcalde Rey Daviña nº 23 Bx.,

Vista a licenza de apertura concedida por Resolución de Alcaldía de data 23 de outubro, para a actividade de “COMERCIO POLO MIÚDO DE XEADOS”.

E vista a Ordenanza Reguladora da ocupación de espazos de uso público con mesas e cadeiras, que establece no seu apartado 1, que o obxecto da ordenanza é “a regulación das autorizacións e o procedemento de outorgamento para a instalación de terrazas sempre que constitúan complemento dos establecementos de hostalería debidamente autorizados polo Concello de Vilagarcía de Arousa”.

No Artigo 2 (Ámbito de aplicación) vólvese a incidir que “Esta Ordenanza aplicarase á ocupación excepcional,..., para o uso vinculado a establecementos de hostalería ...”

No Artigo 30 relacionanse os datos que se deben facer constar na solicitude entre os que se atopan os seguintes:

- Nome ou razón social e dirección do local do establecemento hostaleiro desde o que se atenderá a terraza solicitada.
- Fotocopia da autorización de apertura do local á que se refire o apartado anterior e se aínda non se conta con ela, indicación do rexistro e data na que se solicitou.

En base ao exposto anteriormente o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo informa DESFAVORABLEMENTE a solicitude de instalación dunha terraza con mesas e cadeiras vinculada ao establecemento SMÖOY na Rúa Alcalde Rey Daviña nº 23. (Exp. T-18/17)

Dáse conta do erro detectado na sesión do Consello da Xerencia de data 15/02/2017 en relación ós m² de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras no local denominado BAR CONCELLO, e visto o informe do Arquitecto Municipal emitido ao respecto o 7 de marzo de 2017, procede a rectificación do asunto tratado na sesión de data 15/02/17, da seguinte maneira:

Informar favorablemente a solicitude de Dña M^a Luisa Villanueva Nogueira, para instalación dunha terraza de 35 m², vinculada ao establecemento “CAFÉ-BAR CONCELLO” situado na Pza. Xoán XXIII local 14 Bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de 21,85 m² na rúa Castor Sánchez (9,5x2,30 m.) e de 11,50 m² de terraza na Praza de Xoán XXIII (5,00 x 2,30 m) que fan un total de **33,35 m²** de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 32 persoas diante do seu local.
 - Instalación de **4** mamparas plegables de 1,60 x 2,30 m de proxección horizontal. Deberá eliminar as lonas laterías dos toldos.
- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
 - Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
 - A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
- Comunicaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).
- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T-22/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. Andres García Meijide en representación de MUSARAÑA S.L., para instalación dunha terraza de 20,05 m², vinculada ao establecemento CAFÉ-BAR MUSARAÑA situado na Avda. da Mariña 82 Bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de **20,05 m²** de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 16 persoas, diante do seu local, deixando libres os elementos de mobiliario urbano (bancos e árbores) se os houbera. Non se contemplan na autorización nin mamparas nin parasoles.

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.
- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.
- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.
- Comunicaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.
- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e

Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).

- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 38/16)

Informar favorablemente a solicitude de D. José Antonio Durán Mariño, para instalación dunha terraza de 13,11 m², e 2 mampara, vinculada ao establecemento CAFÉ-BAR EPI situado na Pza. Rafael Pazos nº 31 Bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de **13,11 m²** de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 16 persoas, diante do seu local, deixando libres os elementos de mobiliario urbano (bancos, árbores...) se os houbera.
- Instalación **1 mampara plegable** e **1 mampara desmontable** a diario.

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.

- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.

- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.

- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.

- Comunicaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.

- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).

- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 48/16)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Carolina Vélez Rodas, para instalación dunha terraza de 20,58 m², e 2 parasoles, vinculada ao establecemento CAFÉ-BAR MINI CENTRAL, situado na Rúa Castelao nº 7 Bx., ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de **20,58 m²** de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 24 persoas, diante do seu local, deixando libres os elementos de mobiliario urbano (bancos, árbores...) se os houbera.
- Instalación **2 parasoles**.

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.

- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.

- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.

- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.

- Comunicaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.

- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).

- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 10/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Borja González Gallego para instalación dunha terraza de 9,96 m², vinculada ao establecemento LA CANTINA DE FONTECARMOA situado na Rúa Adolfo Pedrido Morla, ao amparo da Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras, de conformidade coa documentación presentada e o informe técnico favorable, debendo axustarse a presente autorización ás seguintes condicións:

- Ocupación de **9,96 m²** de vía pública mediante a instalación de veladores para un aforo de 16 persoas, diante do seu local, deixando libres os elementos de mobiliario urbano (bancos, árbores...) se os houbera. Non se contemplan na autorización nin mamparas nin parasoles.

- Todos os elementos deberán garantir a súa estabilidade, sen realizar furos nin ancoraxes ao pavimento, debendo retirar as ancoraxes antigas que houbera e repoñer o pavimento.

- Será responsabilidade do solicitante que o seguro de Responsabilidade Civil estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.

- A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a

autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

- O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondente será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.

- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación, deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal que o reclamen.

- Comunicaselle que se ten intención de amorear o mobiliario na vía pública, fóra do horario de apertura do establecemento, deberá solicitar a correspondente autorización e liquidar a taxa que se fixe, con indicación da superficie a ocupar co mesmo.

- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (publicada no núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19/10/2016).

- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expt. T- 12/17)

ROGOS E PREGUNTAS

- O Sr. Ríos González pregunta polos prazos para a aprobación do PXOM.
O Sr. Alcalde contesta que mañán EPTISA entrega o documento para que os técnicos o revisen e despois empezarán as reunións cos Grupos Municipais.
- O Sr. González Somoza pregunta que obras se están a facer na zona próxima ao establecemento Rodas
O Arquitecto Municipal lle dí que é a urbanización dun PERI, para vivendas e un área comercial (supermercado)
- A Sra. Granja Guillán pregunta se se van a aprobar as mamparas das terrazas coa altura nova porque non se cambiaron as existentes.
O Sr. Alcalde dí que se farán inspeccións.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.